

**DOCUMENTO DE ADHESIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA  
MATEMÁTICA DE GALICIA AO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE E PREVENCIÓN DE  
RISCOS DE XESTIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (en adiante, CITMAga) créase mediante convenio das tres universidades públicas de Galicia (DOG do 19 de agosto de 2021), co obxecto de integrar as capacidades científicas do ámbito das Matemáticas, compartindo visión e estratexia e cunha clara aposta pola transferencia de coñecemento. Coa motivación de fomentar unha cultura colaborativa, que busque a excelencia na investigación, a innovación e a formación, CITMAga aspira a converterse nun centro de referencia nacional e internacional, constituíndo unha contorna atractiva para o desenvolvemento científico e profesional. O artigo 7 dos seus Estatutos establece que o CITMAga queda adscrito á Universidade de Santiago de Compostela.

O CITMAga está firmemente comprometido coa loita contra o fraude, a corrupción, o conflito de intereses e o dobre financiamento. Neste contexto, o Plan de Medidas Antifraude e de Prevención de Riscos de Xestión da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, o Plan), constitúe un marco completo para combater cada unha destas situacións e, deste xeito, dar cumprimento ás obrigas establecidas no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o disposto no apartado 1º do artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

O Plan foi aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, o 28 de decembro de 2022 e no mesmo concréntanse as medidas contra o fraude, a corrupción, as circunstancias que poidan levar a un conflito de intereses e as vías para evitar o dobre financiamento. Todas estas medidas son compartidas plenamente polo CITMAga. Asemade, establécense órganos e mecanismos para realizar un seguimento efectivo das medidas adoitadas co obxecto de acadar un acaído cumprimento do Plan.

En canto ao ámbito subxectivo, o Plan indica no seu apartado 2 (Ámbito de Aplicación e Marco Conceptual), o seguinte: *O presente Plan de concreción sobre medidas antifraude, así como a prevención de riscos de xestión na USC (en diante, o Plan) é de aplicación a todo o seu persoal, partindo da definición que ofrecen os artigos 11, 36 e concordantes do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos, así como a toda persoa*

*física ou xurídica, profesional autónomo, empresa ou entidade, nacional ou estranxeira, coa que se estableza algún tipo de relación comercial, contractual ou doutra índole. Nestes senso, cabe recordar que o CITMAGA é unha entidade adscrita á Universidade de Santiago de Compostela, tal e como se establece no artigo 7 dos seus Estatutos, que no punto 4 indican “O CITMAGA estará sometido ao control económico-financeiro, de contratación, de persoal e patrimonial da universidade á que estea adscrito”, quedando xustificada a adhesión do CITMAGA ao Plan da entidade de adscrición.*

Asemade, o CITMAGA comparte na súa totalidade os obxectivos e medios contidos no Plan, nomeando como coordinador/a antifraude á persoa que ocupe a Xerencia do CITMAGA, comprometéndose a cumprir diligentemente coas obrigas previstas no mesmo.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Antonio López Díaz  
Presidente do Consello Reitor de CITMAGA